



BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTE NO OBRADOIRO DE EMPREGO "MAIV DUAL 2022"

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

Estas bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección do alumnado-traballador participante no proxecto de Obradoiro de emprego denominado "MAIV DUAL 2022", promovido pola MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO (MAIV) e subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, de conformidade co previsto na propia Orde reguladora do 21 de febreiro de 2022 e nas instrucións de data 26/04/2022 da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

A finalidade deste proxecto é mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezoito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

2. PRAZAS A CUBRIR

Convócanse 16 prazas de alumnos/as traballadores/as para as seguintes especialidades:

- Marketing dixital (certificado nivel 3): 8 prazas.
- Dinamización de Proxectos de Desenvolvemento Local (certificado nivel 3): 8 prazas.

3. ENTIDADE CONTRATANTE

Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo.

4. CARACTERÍSTICAS DAS CONTRATACIÓNS

Desde o inicio da súa participación no obradoiro de emprego, as persoas seleccionadas nas prazas de alumnado-traballador serán contratadas pola entidade promotora (Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo) en réxime laboral mediante a modalidade de contrato para a formación en alternancia.

Os contratos de traballo serán a xornada completa e cunha duración inicial de doce meses (non podendo exceder en ningún caso a data de remate do Obradoiro de emprego).

Como referencia, o alumnado-traballador percibirá, como salario bruto mensual, o Salario Mínimo interprofesional anualmente establecido.

5. OBRIGAS DAS PERSOAS SELECCIONADAS

- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas.
- Respectar as normas de réxime interior que se establezan.
- Aceptar o posto de traballo que a través do obradoiro de emprego se lle poida xestionar.

6. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

6.1. Requisitos xerais:

- Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo.
- Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.
- Adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar.

6.2. Requisitos específicos:

- Ter dezaoito ou máis anos de idade.
- Estar desempleado, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.
- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto no artigo 11.2 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadorese e de acordo coas modificacións introducidas polo Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- Dado que a formación a impartir no proxecto vai dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de 3, **as persoas candidatas deberán cumprir os requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados (COMM0112 Xestión de marketing e comunicación e SSCB0109 Dinamización comunitaria).**

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

6.3. Causas de exclusión:

- Incumprir os requisitos mínimos
- Falta de documentación acreditativa.
- Falsear os datos da solicitude (anexo I).
- A expulsión doutro programa de formación en alternancia co emprego.
- Estar xa en posesión do certificado de profesionalidade ou da formación que se vai a impartir no Obradoiro de emprego, total ou parcialmente.
- Estar participando noutro programa mixto de emprego e formación no momento da selección ou a contratación.

6.4. Outras circunstancias a ter en conta:

Tal como establece a Orde reguladora do 21 de febreiro de 2022, terán prioridade as persoas candidatas pertencentes a algún dos seguintes colectivos:

- Persoas emigrantes retornadas.
- Mulleres en xeral.



- Mulleres vítimas de violencia doméstica, incorporadas e beneficiarias do programa de fomento de inserción laboral das mulleres vítimas de violencia, debidamente xustificada (Orde do 2 de maio de 2006, publicada no DOG do 10 de maio de 2006). Persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego.
- Persoas paradas de longa duración.
- Persoas maiores de 45 anos.
- Persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos obxecto deste Obradoiro.
- Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

7. PUBLICIDADE DO PROCESO DE SELECCIÓN

As presentes bases reguladoras do proceso de selección do alumnado-traballador, unha vez aprobadas pola entidade promotora, serán expostas ao público no taboleiro de anuncios e na páxina web da Mancomunidad de Vigo. Ademais serán remitidas á oficina de emprego que tramite a oferta de emprego co obxecto de que sexan expostas ao público nos seus taboleiros de anuncios.

Todas as fases do proceso, así coma os resultados das distintas fases, iranse publicando na páxina web da Mancomunidad de Vigo.

Rematado o procedemento de selección a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e á Xefatura territorial de Vigo a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como beneficiarias participantes.

8. INICIACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN: SISTEMA DE ADMISIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS

O artigo 14.2 da Orde do 21 de febreiro de 2022, establece que se seguirán “os criterios e procedementos establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será de aplicación a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas mesmo cando a entidade promotora sexa un organismo público. Neste último caso, o persoal e o alumnado-traballador seleccionados non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.”

Polo tanto, tal como establece a orde reguladora deste tipo de proxectos e as instrucións remitidas pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, de data 26/04/2022, o sistema de admisión de candidatos/as será o de **oferta de emprego tramitada na oficina de emprego** correspondente ao domicilio da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo (Oficina de Emprego de López Mora).

O proceso selectivo iniciárase coa presentación de oferta de emprego por parte da entidade promotora (Mancomunidad de Vigo) ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG). A oficina de emprego do SPEG será a encargada de preseleccionar as persoas candidatas que participarán no proceso de selección, de acordo cos requisitos establecidos nas presentes bases.

O número de candidatos solicitados será de 3 por posto, o que fai un total de CORENTA E OITO (48) candidatos (24 candidatos para os 8 postos de traballo de alumnado-traballador da especialidade de marketing dixital e outros 24 candidatos para os 8 postos de traballo como alumnado-traballador da especialidade de dinamización de proxectos de desenvolvemento local . No caso de non existir un número suficiente de candidatos (tres candidatos diferentes por posto), unha mesma persoa poderá ser candidata ás dúas especialidades ofertadas nestas bases no caso de que cumpra os requisitos establecidos para cada una delas, é dicir, que existe a posibilidade de que unha mesma persoa poida ser seleccionada como candidata á praza de alumno-traballador en marketing dixital e ao mesmo tempo, alumno-traballador en

dinamización de proxectos de desenvolvemento local. Neste caso, a persoa candidata que optara ás dúas especialidades, deberá indicar a súa preferencia por unha ou outra, no anexo de SOLICITUDE.

O ámbito xeográfico da sondaxe será o correspondente aos concellos da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo. Só no caso de non atoparse candidatos suficientes neste ámbito territorial, ampliarase a sondaxe cos mesmos requisitos, aos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Realizada a sondaxe por parte da oficina de emprego, esta comunicará ás persoas preseleccionadas a forma, lugar e prazo na que deberán presentar na Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo a SOLICITUDE de participación no proceso (que se inclúe como anexo I destas bases), xunto coa que deberán achegar **imprescindiblemente** a documentación necesaria que acredite o cumprimento dos requisitos necesarios establecidos na base sexta e aquela outra que xustifique os criterios que se valoren na fase de baremación, e en concreto, os seguintes:

- Fotocopia do DNI actualizado.
- Vida laboral actualizada (aínda que non teña experiencia laboral).
- Acreditación da maior titulación académica adquirida.
- Se é o caso, acreditación das competencias clave adquiridas.
- Se é o caso, acreditación do seu grao e tipo de discapacidade.
- A documentación que acredite as circunstancias que se valorarán na fase de baremación obxectiva das circunstancias persoais.
- A situación de "víctima de violencia de xénero" acreditarase según o establecido pola Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Serán motivos de exclusión do proceso de selección:

- A non presentación na hora e lugar indicados.
- Non cubrir ou non entregar a SOLICITUDE de participación.
- Non presentar a documentación requirida.

Para resolver e atender calquera dúbida, o día ou días da presentación de solicitudes e recollida de documentación estará presente, polo menos, un integrante da Comisión de selección que se nomee para este procedemento.

Comprobados os requisitos, a **lista de candidatos/as** que pasan á fase de entrevista e baremación exporase no taboleiro de anuncios da propia entidade promotora, na páxina web da Mancomunidad de Vigo (www.maiv.org/institución/ofertas de emprego), e na oficina de emprego encargada da tramitación da oferta de emprego. Indicarase, igualmente, o lugar, data e hora na que se convocarán para as probas de selección correspondentes (entrevista).

Non obstante, de cara a garantir que todas as persoas candidatas dispoñan da información precisa, a Mancomunidad de Vigo tamén poderá chamar telefonicamente aos candidatos resultantes do proceso de sondaxe para informarlles do día e hora en que deberán presentarse na sede da Mancomunidad de Vigo para poder participar nas probas de selección.

Por outra banda, se, unha vez avaliadas as solicitudes e comprobados os requisitos, quedan menos de dúas persoas por praza, o órgano encargado de selección poderá solicitar novos candidatos/as á oficina de emprego para contar con dúas persoas por praza nesta fase de entrevista, co fin de garantir a correcta selección dos participantes.

As bases que regulan o proceso selectivo e toda a documentación informativa que se elabore con respecto a esta convocatoria tamén estarán expostas, cando menos, no taboleiro de anuncios da sede da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo, podendo ser consultadas en horario de 8:00 a 15:00



horas, de luns a venres en días laborables, así como na súa páxina web, no enderezo www.maiv.org/institución/ofertas de emprego.

9. CONSTITUCIÓN DO GRUPO DE TRABALLO ENCARGADO DA SELECCIÓN (COMISIÓN DE SELECCIÓN)

Tal como se apuntaba na base anterior, o artigo 14.2 da Orde do 21 de febreiro de 2022, establece que se seguirán *"non será de aplicación a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas mesmo cando a entidade promotora sexa un organismo público."*

Por outra banda, o punto 3 das instrucións de data 26/04/2022 emitidas pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, só recolle que *"a entidade promotora debera establecer as normas de constitución e funcionamento do órgano de selección correspondente."*

En base ao anterior e para proceder á selección das persoas participantes no Obradoiro de Emprego "MAIV DUAL 2022", a Mancomunidad de Vigo nomeará un grupo de traballo ou Comisión de Selección que estará integrada por un total de tres membros, actuando un deles como presidente e outro como secretario, imprescindiblemente.

A composición da Comisión de selección será fundamentalmente técnica e os seus membros deberán estar en posesión de titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas. Poderán ser designados membros suplentes, cos mesmos requisitos.

O nomeamento dos membros titulares e posibles suplentes que constituirán a Comisión de selección realizarase por decreto da Concelleira Delegada da MAIV entre o persoal da propia entidade promotora (MAIV) ou dalgún dos concellos integrantes da mesma.

Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do Obradoiro de emprego poderá formar parte do órgano encargado da selección nin auxiliar á mesma nas tarefas de selección. A pertenza ao órgano de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

Todos os membros da Comisión terán voz e voto. O grupo de traballo considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, dous dos seus compoñentes, tendo a persoa que ostente a presidencia voto de calidade, para os supostos de empate nas votacións.

O grupo de selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especializados, se o estima necesario, limitándose estes asesores a prestar a súa colaboración asesorando aos membros da Comisión nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O nomeamento destas/es asesores especialistas corresponderalle tamén á Concelleira Delegada da Mancomunidad, a proposta do grupo de selección.

O comisión encargarase da elección dos candidatos e candidatas, tendo como función a valoración dos méritos alegados para a fase de baremación e as entrevistas ou probas que se realicen, e coordinará o desenvolvemento de todo o proceso de selección. Igualmente, queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación e interpretación das normas contidas nestas bases e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas bases de convocatoria e a normativa aplicable.

As resolucións deste grupo de traballo nomeado para a selección do alumnado-traballador do Obradoiro de Emprego "MAIV DUAL 2022" vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto na lexislación vixente reguladora do procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público.

10. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN:

Tal como establece o punto 3 das instrucións de data 26/04/2022 emitidas pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, no proceso de selección a entidade promotora (a Mancomunidad de Vigo, neste caso), actuara "sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación.

10.1. Sistema de selección

O sistema de selección constará de dúas fases:

- Entrevista persoal
- Fase de baremación.

Tal como se establece na base oitava, pasarán á fase de entrevista os/as candidatos/as, enviados pola oficina de emprego, que presenten a solicitude e cumpran cos requisitos establecidos nestas bases reguladoras do proceso de selección.

A entrevista persoal, que deberá facerse con anterioridade á baremación dos criterios obxectivos, consistirá na realización dunha entrevista persoal, co obxecto de avaliar o interese dos desempregados/as en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar. Terá un valor máximo de **10 puntos**.

As puntuacións da fase de entrevista publicaranse no taboleiro de anuncios da Mancomunidad de Vigo (situado nas oficinas da entidade, na Avda. Hispanidade, nº 17 – Vigo, nas que se farán as entrevistas), así como na súa páxina web, no enderezo www.maiv.org/institución/ofertas de emprego.

A fase de baremación consistirá nunha avaliación das circunstancias persoais e profesionais dos/as candidatos/as, presentados a entrevista e que permanezan no proceso de selección, por medio dun baremo obxectivo (que se inclúe como ANEXO II destas bases).

A puntuación máxima desta fase será de **10 puntos**.

A declaración provisional das puntuacións desta segunda fase farase nunha sesión da Comisión ou grupo de Selección. Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que figurarán as puntuacións provisionais outorgadas segundo o baremo. Exporase a relación provisional destas puntuacións no taboleiro de anuncios da Mancomunidad de Vigo (situado nas oficinas da entidade, na Avda. Hispanidade, nº 17 – Vigo, nas que se realizarán tamén as entrevistas ás persoas candidatas), así como na web da Mancomunidad de Vigo (no apartado maiv.org/institución/ofertas de emprego). Nesta relación figurará, así mesmo, o día que se establece para formular alegacións á valoración segundo o baremo e a data de exposición dos resultados definitivos do proceso de selección.

10.2. Puntuación final das persoas candidatas

O comisión de selección, unha vez rematadas as fases de selección descritas no anterior apartado, establecerá as puntuacións finais das persoas candidatas (tendo en conta que a puntuación máxima será de 20 puntos e virá dada pola suma dos puntos acadados en cada fase) e a súa cualificación en base ás seguintes posibilidades: titular da especialidade, suplente, non seleccionado, non presentado.

Da sesión estenderase a correspondente acta de selección.

A listaxe de admitidos/as para participar no obradoiro de emprego como traballadores beneficiarios do proxecto, será exposta nos taboleiros da Mancomunidad de Vigo e na web da Mancomunidad de Vigo (maiv.org/institución/ofertas de emprego).

En todo caso, unha vez elaborada a listaxe de persoas propostas para a contratación como alumnado-traballador do Obradoiro de emprego "MAIV DUAL 2022", a dita listaxe será enviada á correspondente oficina de emprego, que se encargará de verificar novamente que as persoas candidatas cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún dos/as candidatos/as propostos non cumprira os ditos requisitos, a oficina de emprego deberá comunicarllo á Mancomunidad de Vigo para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

Os requisitos establecidos na base 6 para as persoas aspirantes deberán manterse na data de incorporación ao proxecto (data de contratación).

10.3. Criterios para dirimir posibles empates

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións finais obtidas por dúas ou máis persoas candidatas, seguiranse os seguintes criterios, segundo a orde que se establece de seguido:

- Non ter participado noutros obradoiros de emprego.
- Menor experiencia laboral da persoa candidata.
- Menor nivel académico da persoa candidata.
- Maior tempo acreditado en desemprego.

10.4. Lista de reserva

A lista de reserva estará integrada polas persoas candidatas que se presentasen ao proceso de selección e que nas cualificacións finais figuren como SUPLENTE, ordenadas segundo a puntuación final e os criterios establecidos no anterior apartado.

Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produzan, ben no caso de renuncia da persoa titular da praza antes do inicio do proxecto, ben por baixas do alumnado traballador unha vez iniciado o proxecto.

Excepcionalmente, só no caso de que se esgotara a lista de reservas para unha das especialidades (marketing dixital ou dinamización de proxectos de desenvolvemento local), e sempre que existan candidatos/as en reserva para a outra das especialidades que cumpran os requisitos establecidos para poder ser contratados/as na especialidade que esgotou todas as reservas, a entidade poderá decidir incorporar a esas persoas candidatas, antes de facer un novo procedemento de selección.

Por último, no suposto de que as listas de reserva se esgotaran ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa incorporación ao proxecto, procederase a iniciar un novo procedemento selectivo.

11.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS:

De conformidade co previsto polo artigo 14º da Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade (DOG nº 46 do 08-03-2022), non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.

A Comisión de Selección será o encargado de resolver as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección establecido nestas bases, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Lgs

En Vigo, na data da sinatura electrónica

O secretario da MAIV
Jose Riesgo Boluda



ANEXO I

**SOLICITUDE-CUESTIONARIO DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-
TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO "MAIV MAIV DUAL 2022"**

DATOS IDENTIFICATIVOS DO/A CANDIDATO/A

Nome e apelidos			
DNI			
Data nacemento		Idade	
Enderezo			
Concello		CP	
Teléfono fixo		Teléfono móbil	
Correo electrónico			

FORMACION ACADÉMICA. Indica a titulación que posúe na actualidade:

- Certificado de estudos primarios Graduado escolar ESO sen aprobar
 Graduado en ESO FP1 ou Ciclo medio de
 BUP COU Bacharelato
 FP2 ou Ciclo superior de
 Proba de acceso CM Proba de acceso CS
 Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos
 Diplomado Licenciado Grao
 Realiza estudos na actualidade? NON SI Cales?

NIVEL DE LINGUA GALEGA:

- Celga 2 Celga 3 Celga 4 Iniciación Perfeccionamento

Foi **alumno-traballador** dalgún programa mixto de emprego e formación (Escola Obradoiro, Casa de Oficios ou Obradoiro de Emprego)?

- NON SI. Neste caso indicar cal foi e especialidade:



INDICAR SE REALIZOU ALGUN CURSO RELACIONADO COA ESPECIALIDADE Á QUE OPTA:

.....
.....

POR QUE LLE INTERESA PARTICIPAR NESTE PROXECTO?

.....
.....
.....

EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacione, de xeito breve, os distintos traballos realizados, aínda que fosen sen contrato laboral (prácticas, voluntariado, colaboracións...):

.....
.....
.....
.....

Asinou nalgún momento algún contrato de aprendizaxe-formación ou formación en alternancia?

NON SI.

Posúe vostede algunha discapacidade?

NON SI. (neste caso terá que acreditalo)

Ten algún problema ou circunstancia que lle impida desenvolver o traballo con normalidade?

NON SI. Indicar: _____

Declaro baixo a miña responsabilidade que tódolos datos anteriores son certos e

SOLICITO ser admitido/a no proceso de selección do alumnado-traballador participante no **OBRADOIRO DE EMPREGO "MAIV DUAL 2022"** para o que fun convocado a través da oficina de emprego, na especialidade de (marcar a opción desexada):

- Marketing dixital
- Dinamización de Proxectos de Desenvolvemento Local
- Ambas especialidades, con preferencia na de

RENUNCIO a participar no proceso selectivo para o que fun convocado.

Vigo, dede 2022

Sinatura:



ANEXO II

BAREMO DE MÉRITOS (AVALIACIÓN DE CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS E PROFESIONAIS) SELECCIÓN ALUMNADO-TRABALLADOR OBRADOIRO DE EMPREGO "MAIV DUAL 2022"

CRITERIOS		PUNTOS
Muller		0,50
Ter agotada unha prestación ou subsidio por desemprego (despois da última relación laboral)		0,50
Non ter participado noutro programa mixto de emprego e formación (Obradoiro de Emprego, Obradoiro de emprego, etc.)		2
Atoparse nalgunha das seguintes circunstancias: a) persoa con discapacidade $\geq 33\%$, b) persoa emigrante retornada, c) muller vítima de violencia de xénero, d) persoa parada de longa duración (máis dun ano en desemprego), e) persoa beneficiaria da RISGA, f) pertenza a outros colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, acreditado con certificación dos Servizos Sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración da Consellería de Política Social,...) (*)		1
Idade	De 18 a 30 anos	2
	De 31 a 44 anos	0
	De 45 a máis anos	1
Experiencia laboral (Segundo vida laboral actualizada)	Ningunha	2
	Ata 24 meses	1
	>24 meses	0,5
	Non achega vida laboral	0
Nivel de Formación Académica acreditada	Media ou baixa (que non posúan título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	2
	Alta (título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	1

(*) Deberá acreditarse debidamente, e non se poden acumular varias circunstancias (é dicir, como máximo neste apartado acadarase 1 punto, independentemente que a persoa candidata reúna dúas ou máis circunstancias).



ANEXO III

**ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA
PROCESO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO "MAIV DUAL
2022"**

Nome e apelidos	
DNI / NIE	
Teléfono/s de contacto	
Correo electrónico	

Persoa participante no proceso de selección do alumnado traballador do obradoiro de emprego MAIV DUAL 2022 e seleccionada para a especialidade de

.....

ACEPTO A PRAZA

RENUNCIO Á PRAZA

En Vigo , a _____ de _____ de 2022

Sinatura: